

KA-1 MOBILIDADE DE PERSONAL

Proxecto:

Docente/Responsabilidade: Ariadna Leis Capelo	Institución de envío: CIFP IMAXE E SON Institución de acollida: Universiteti Marin Barleti	Data: 26/06/23 – 30/06/23
---	---	-------------------------------------

PROGRAMA DE MOBILIDADE REALIZADO:

1. Lugares, actividades e contactos realizados.

UNIVERSIDADES:

- **MARIN BARLETI (TIRANA):** nela estúdase un grao de arquitectura no cal ensinan softwares de animación 2D e 3D. Tivemos unha reunión cun dos profesores, João, que nos comentou que empregan o 3D Studio Max e Virtualy. Aquí puidemos ver como a animación 2D e 3D a día de hoxe van da man coa arquitectura. Algo que tamén contemplamos no noso centro á hora de enviar ao alumnado a prácticas.



- **Universidade das artes de Tirana:** esta universidade dista bastante dos nosos estudos. Alí estudan arte (debuxo, pintura e escultura, principalmente) e tamén está no centro o conservatorio de música. Nós fomos na semana dos exames. Aínda había alumnos pero sobre todo puidemos ver obras acabadas. O que máis nos interesou e no que máis tempo botamos foi no taller de restauración. Alí ensináronnos

as técnicas que utilizan e sobre todo as cámaras especiais coas que fotografían os laterais das pezas para poder ver o relieve. Pode ser unha universidade para ter de man de cara a futuros convenios de estudos pero en ningún caso para prácticas.



EMPRESAS:

- **Prosound:** esta foi a empresa máis interesante coa que estivemos. Xa a miráramos antes de ir, e tivemos a sorte de que estaban a montar un evento musical o día que nós chegamos, polo que puidemos estar na montaxe e acordar in situ co dono unha reunión máis formal na propia empresa.



Adícanse sobre todo a montaxe de espectáculos de son e iluminación e tamén á venda e aluguer de equipos. Traballan tanto en exteriores como en interiores. Son un referente no país. Traballan moi ben, polo que puidemos comprobar, e teñen moitísimo traballo, que pode verse nas súas redes sociais.



Aquí deixo a súa tarxeta que nos deu o día da entrevista na súa empresa. Díxonos que está aberto a coller xente en prácticas, sobre todo mulleres, porque alí toda a súa plantilla son homes, non hai mulleres técnicas do audiovisual. De feito sorprendeuse cando lle dixemos que nós eramos profesoras mulleres técnicas.




- **Fotógrafo Mariglen Ballhysa:** gran fotógrafo de eventos e moda. Estivemos falando con el sobre o seu traballo, pero non creo que sexa un bo sitio para mandar a facer prácticas xa que non ten un estudo fixo, anda sempre por aí por onde o chaman, é como un freelance. Non concretei con el ningún convenio xa que non nos pareceu o tipo de empresa que necesitamos nun país estranxeiro. Con el estivemos empregando o dron pero en Albania non hai leis tan estrictas como en España, e úsano en calquera sitio sen ningún tipo de permiso. Non é axeitado ensinar isto aos alumnos.



ORGANISMOS:

- **Harabel:** é unha asociación sen ánimo de lucro, dirixida por Ajola Xoxa (mail: ajola@harabel.com) que pretende promocionar o traballo dos artistas máis xoves de Albania. Teñen alugada unha casa no centro de Tirana na cal fan exposicións. Concretamente cando fomos (foto I) había unha exposición dun pintor alanés. Tamén teñen un local no que comparten espazo diferentes artistas para levar a cabo as súas obras. O día que fomos nós estaba unha directora de cine facendo unhas pequenas pezas audiovisuais sobre unha escultura que acababa de instalar a asociación no centro de Tirana (foto II e III). Traballan con Premiere Pro. Moi interesante para facer prácticas alí. Tivemos unha reunión na que falamos coa responsable e lle propuxemos unha posible colaboración para prácticas. Dixo que si, que era moi interesante. Incluso propoñer intercambios culturais co noso país.



- **Centro de industrias culturais de Albania:** ubicado no pleno centro de tirana é un organismo público que se encarga de todo o que ten que ver coas industrias culturais do país: cine, radio, televisión... **Outro contacto MOI INTERESANTE.** Falamos co coordinador, propuxémoslle a idea de mandar alumnos a facer a FCT alí e dixo que lle parecía unha idea brillante, así como posibles proxectos en colaboración cos 2 países. O contacto do coordinador é Jomid Jorgji (mail: jjorgji@gmail.com/ teléfono: +355694063304)



ACTIVIDADES CULTURAIS

- **“Kinema Agimi”**: En este espazo que anteriormente era un cine, adaptaron o espazo non sólo para a proxección de películas senón tamén para outros eventos culturais. Cando fomos visitar o espazo, inagurabase esa mesma tarde unha exposición fotográfica. No centro do espazo atopabase a mesa posta con seis pratos de comida, que reproducía a mesa da fotografía na que unha señora facía tódolos días de comer e poñía a mesa para a súa familia morta na guerra.



Na planta superior do espazo, tivemos unha reunión cos profesores de arte da universidade, onde intercambiamos pareceres sobre a arte e a fotografía a nivel global.



- **Museo Histórico Nacional**, é un espazo perfecto para percorrer a historia de Albania, e atopase na praza central da cidade de Tirana. Está organizado por orde cronolóxico en varios pabellóns.



- **Museo bunker:** atopase no centro da cidade de Tirana tratase dun antigo bunker antinuclear reconvertido en museo, que se percorre rápidamente, xa que as salas son pequenas, impresiona ver ese espazo baixo terra.



- **Pirámide:** É unha das construcións máis peculiares da cidade de Tirana, foi inaugurada en 1988 como museo adicado a Enver Hoxha, tralo colapso do comunismo en Albania, esta pirámide deixou de ter esa función de museo. Según nos contou o noso mentor, na visita a pirámide, actualmente o espazo estase reconstruíndo para recorvertirse nun centro lúdico para a mocidade albanesa así como espazo tecnolóxico.



2. Proposta de futuras actividades para alumnado e profesorado.

Envío unha lista de empresas que están contactadas pero falta facer unha visita e reunión formal para comprobar se realmente serven para unha posible FCT:

- www.mandarina.al : con esta empresa contactou o noso mentor pero non lle responderon ata o último día, o día que nós marchábamos, e non puidemos conseguir reunirmos con eles formalmente. É unha empresa que se adica a vídeo, animación... Aínda que non puidemos visitala, deixo aquí a proposta para unha futura mobilidade. Joao díxonos que el lle comentara o que estábamos a buscar e que eles aceptaron, que lles parecía unha boa idea o da FCT e que lle escribíramos unha mensaxe a través da web, para afianzar o contacto. Polo que propoño que se faga directamente dende coordinación na maior brevidade para que non se perda o contacto.

- **Empresa organizadora de eventos (non apuntamos o nome e no recordamos):** encargados de organizar o evento no que montaron as luces e o son os compañeiros de Prosound. Falamos co xerente, Armand Peza, que é un afamado actor albanés. Non

puidemos ter unha reunión formal con el, polo que non podemos plantear, a priori, este contacto como sólido para propoñer unha FCT. Pero deixo o contacto, por se para o vindeiro curso outro profesor fai unha mobilidade que lle chame e lle propoña unha reunión formal: +355 68 204 2996. Parécenos unha proposta moi interesante porque vimos como traballaban e moi ben. O evento estaba moi ben organizado e o resultado foi espectacular. Polo que consideramos que é unha persoa a ter en conta.

O que nos gustaría haber feito que non fixemos por falta de tempo de planificación e organización foi:

- Visita guiada e ver unha representación (o día que fomos buscar entradas estaba todo cheo) ao **Teatro nacional de ópera y ballet de Albania**.
- Visita guiada a unha das televisións albanesas. Fomos a unha que quedaba en pleno centro, ao lado do estadio, chamada **Radio Televizioni Shqiptar**, pero con tan pouca marxe de días non puideron atendernos.



3. Listaxe de documentación recollida no lugar de destino

- Certificado de asistencia
- Mobility agreement asinado pola universidade de acollida
- Inter-institutional agreement 2022/2023, asinado e selado polo centro de acollida.

4. Memoria elaborada polo docente.

Asdo:

En A Coruña, a 11 de xullo de 2023.



**Cofinanciado por
la Unión Europea**